

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E IGUALDADE

**5569** *Real decreto 259/2019, do 12 de abril, polo que se regulan as unidades de igualdade da Administración xeral do Estado.*

O artigo 14 da Constitución española proclama o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Ao mesmo tempo, o artigo 9.2 da Constitución establece a obrigación dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, dítase ao abeiro dos principios constitucionais de igualdade e non discriminación. Esta lei orgánica consagra no seu artigo 15 a aplicación transversal do principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, que informa a actuación de todos os poderes públicos e que debe ser integrado no conxunto das políticas públicas. O artigo 77 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de xaneiro, dispón que «en todos os ministerios se encomendará a un dos seus órganos directivos o desenvolvemento das funcións relacionadas co principio de igualdade entre mulleres e homes no ámbito das materias da súa competencia». Este mandato legal cumpriuse mediante o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2007, en que se especificaron os órganos directivos que en cada departamento ministerial terían encomendadas estas funcións.

A creación das unidades de igualdade é unha das manifestacións da aplicación transversal do antes aludido principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes. O presente real decreto desenvolve as referidas unidades de igualdade, precisando o seu alcance, como instrumento para garantir a aplicación efectiva do dito principio na Administración xeral do Estado.

A Secretaría de Estado de Igualdade, en atención á transversalidade, ten encomendadas, entre outras, «as funcións de propor e desenvolver as políticas do Goberno en materia de igualdade», de acordo co Real decreto 816/2018, do 6 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade.

Pola súa parte, corresponde á Dirección Xeral da Función Pública, de acordo co artigo 8.1.g) do Real decreto 863/2018, do 13 de xullo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Política Territorial e Función Pública, «o establecemento na Administración xeral do Estado de criterios comúns, a coordinación, promoción, impulso e plans de formación en materia de igualdade e non discriminación dos empregados públicos, así como a elaboración de informes e memorias nas ditas materias, e a participación nos foros europeos e internacionais relativos a esta materia».

A Comisión Interministerial de Igualdade entre Mulleres e Homes, regulada polo Real decreto 1370/2007, 19 de outubro, ten entre as súas funcións, de acordo co artigo 3, letra a), desenvolver o «seguimento e coordinación do desenvolvemento e aplicación dos informes de impacto de xénero e das actuacións das unidades de igualdade constituídas en cada departamento ministerial, así como da participación das mulleres nos postos de representación e dirección da Administración xeral do Estado.»

En coherencia coas funcións atribuídas á Secretaría de Estado de Igualdade, á Dirección Xeral da Función Pública e á Comisión Interministerial de Igualdade entre mulleres e homes, o presente real decreto detalla as funcións de impulso, coordinación técnica e apoio que lles corresponde realizar en relación coas unidades de igualdade.

Ademais, tendo en conta as súas competencias, unha das ferramentas esenciais para o desenvolvemento das políticas de igualdade é o Instituto da Muller e para a Igualdade de

Oportunidades, dependente da Secretaría de Estado de Igualdade, que asumirá un papel instrumental na coordinación das unidades de igualdade.

A teor do exposto, este real decreto adécuase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, en canto ao principio de necesidade, é evidente que trata de establecer un instrumento que potencie a igualdade entre mulleres e homes. Por outra parte, o real decreto axústase aos principios de proporcionalidade, seguridade xurídica e eficiencia, ao establecer a regulación indispensable para conseguir o obxectivo desexado; así mesmo, o real decreto é coherente co resto do ordenamento xurídico, tanto a nivel nacional como europeo, e non supón a creación de novas cargas administrativas.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade e da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de abril de 2019,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Constitúe o obxecto do presente real decreto establecer a regulación das unidades de igualdade, para a aplicación efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes na Administración xeral do Estado, no marco do previsto no artigo 77 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

2. Esta disposición será de aplicación á Administración xeral do Estado e ás unidades de igualdade que se constitúan nos organismos públicos, vinculados ou dependentes dela.

##### Artigo 2. *Creación e adscrición.*

1. En cada un dos departamentos ministeriais constituirase unha unidade de igualdade, de conformidade co establecido no artigo 77 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo.

2. As unidades de igualdade integraranse na estrutura orgánica de cada departamento ministerial e quedarán adscritas á Subsecretaría a través dalgún dos seus órganos directivos dependentes, de acordo co que dispoña o real decreto polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do departamento e coas características que se determinan no artigo 4.

3. Así mesmo, poderán crearse unidades de igualdade nos organismos públicos, vinculados ou dependentes da Administración xeral do Estado. As ditas unidades de igualdade adscribiranse de acordo co que dispoñan os seus respectivos estatutos.

A unidade de igualdade do departamento de adscrición exercerá as funcións a que se refire o artigo 3 respecto daqueles organismos públicos, vinculados ou dependentes, que non contén con unidades de igualdade propias, logo de subscripción do correspondente convenio.

##### Artigo 3. *Funcións.*

1. As unidades de igualdade dos departamentos ministeriais e, se for o caso, dos organismos públicos vinculados ou dependentes prestarán ao órgano directivo de que dependan o apoio administrativo especializado que precise no exercicio das funcións a que se refire o artigo 77 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, relacionadas coa aplicación efectiva do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito das súas competencias.

2. En particular, apoiarán o dito órgano directivo no exercicio das seguintes funcións:

- a) Asesorar e propor, nos seus respectivos ámbitos, as actuacións ou iniciativas, incluídas as formativas, que favorezan a aplicación do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- b) Asesorar e coordinar a elaboración, seguimento e avaliación dos plans de igualdade entre mulleres e homes da Administración xeral do Estado nos seus respectivos departamentos ministeriais, así como participar na Comisión Técnica de Igualdade de Oportunidades e Trato de Mulleres e Homes da Mesa Xeral de Negociación da Administración xeral do Estado e nos seus grupos de traballo.
- c) Elaborar os diagnósticos, propostas e informes que sexan necesarios e que deriven dos acordos adoptados pola Comisión Técnica de Igualdade, que sexan requiridos pola Dirección Xeral da Función Pública.
- d) Coordinar a recompilación de información para a elaboración, seguimento e avaliación dos plans directivos ou estratéxicos de igualdade no seu respectivo departamento ministerial.
- e) Recadar a información sobre a implementación do protocolo fronte ao acoso sexual e ao acoso por razón de sexo nos seus respectivos departamentos ministeriais, así como desenvolver as actuacións que se lles asignen no dito protocolo.
- f) Realizar outras funcións de asesoramento, informe e seguimento que lle sexan asignadas en relación co principio de igualdade de trato e de oportunidades en xeral.
- g) Realizar un informe anual sobre as políticas públicas de igualdade levadas a cabo polo seu departamento ministerial, así como sobre as actuacións desenvolvidas pola unidade.

3. Todos os órganos e unidades de cada departamento, así como os seus organismos públicos vinculados ou dependentes, prestarán ás unidades de igualdade o apoio que precisen para o cumprimento das funcións que teñen encomendadas.

#### Artigo 4. *Recursos e dotación de medios persoais e materiais.*

1. Cada departamento ministerial e, se for o caso, cada organismo público vinculado ou dependente del deberá facilitar a dotación dos medios persoais e materiais adecuados para o desempeño das funcións das unidades de igualdade, tendo en conta a dimensión do ámbito de que se trate, as funcións concretas que debe desenvolver e a estrutura necesaria para o funcionamento das ditas unidades.

A dotación de medios persoais e materiais das unidades de igualdade atenderá aos principios de racionalización, economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais, e de eficacia no cumprimento dos obxectivos, encamiñados a unha adecuada xestión. En todo caso, procurarase que as funcións se desempeñen con carácter exclusivo.

2. As unidades de igualdade dos departamentos ministeriais estarán dotadas cos postos de traballo que resulten necesarios para o desenvolvemento das súas funcións, todos eles reservados a funcionarios de carreira.

En todo caso, as unidades de igualdade dos departamentos ministeriais contarán cunha persoa responsable específica á fronte delas, que deberá ter a condición de funcionario de carreira pertencente a un corpo ou escala clasificados no subgrupo A1, ao cal se refire o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

3. As persoas responsables das unidades de igualdade deberán ter a formación e a experiencia necesaria en materia de igualdade entre mulleres e homes.

4. Os departamentos ministeriais e os organismos públicos vinculados ou dependentes porán á disposición das unidades de igualdade os medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións, así como o acceso á aplicación informática creada para tal efecto para a coordinación destas, a que se refire a disposición adicional única.

Artigo 5. *Formación, apoio e asesoramento ao persoal das unidades.*

1. A Dirección Xeral da Función Pública, o Instituto Nacional de Administración Pública, o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades e a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero deberán desenvolver a formación especializada destinada ao persoal adscrito ás unidades de igualdade, co obxecto de asegurar a capacitación e formación continua para o desenvolvemento das súas funcións.

2. O Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero e a Dirección Xeral da Función Pública, a través da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, prestarán apoio e asesoramento técnico ás unidades de igualdade para o desenvolvemento das funcións que teñen asignadas, especialmente na realización de actividades de intercambio e transferencia de experiencias, elaboración, difusión e publicación de estudos e resultados dos traballos realizados polas citadas unidades.

Artigo 6. *Coordinación das unidades de igualdade.*

1. Sen prexuízo da dependencia orgánica das unidades de igualdade dos seus respectivos órganos directivos, a Comisión Interministerial de Igualdade entre Mulleres e Homes, a Secretaría de Estado de Igualdade, a través do Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades, e a Dirección Xeral da Función Pública, a través da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, asegurarán a coordinación das actividades das unidades de igualdade, favorecendo o desenvolvemento homoxéneo das súas funcións e o intercambio de información e experiencias. Para estes efectos, os citados órganos directivos, no ámbito das súas respectivas competencias, elaborarán, no primeiro trimestre de cada ano, un plan de traballo en que se recollan as actuacións que se van desenvolver durante o ano. Este plan deberá recibir o visto e prace das subsecretarías ministeriais.

2. O Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades recibirá a información recollida no exercicio das funcións a que se refire o artigo 3.2.a), f) e i).

3. A Dirección Xeral da Función Pública recibirá a información recollida no exercicio das funcións a que se refire o artigo 3.2.d), e) e g), así como a información recadada no exercicio das funcións a que se refiren as letras a), f) e i) do dito artigo, sempre que sexa no marco da igualdade e non discriminación do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional única. *Dotación de medios persoais e materiais.*

1. A dotación de persoal das unidades de igualdade realizarase a través da correspondente redistribución de postos vacantes e, na súa falta, a través da modificación da relación de postos de traballo.

Os departamentos ministeriais informarán a Dirección Xeral da Función Pública e a Secretaría de Estado de Igualdade das modificacións das relacións de postos de traballo que se realicen en cumprimento do previsto no presente real decreto.

2. Os medios materiais necesarios en cada caso serán proporcionados polos departamentos ministeriais con cargo aos créditos orzamentarios xa existentes.

3. Para a continua coordinación e información sobre as políticas públicas de igualdade xestionarase unha aplicación informática na Secretaría de Estado de Igualdade a que terán acceso todas as unidades de igualdade.

Disposición transitoria única. *Funcionamento das unidades de igualdade actualmente existentes.*

1. As unidades de igualdade actualmente existentes continuarán desenvolvendo as súas funcións e manterán a súa adscrición actual e a configuración dos seus postos de traballo até que se produza a súa adaptación aos termos previstos no presente real decreto.

2. As adaptacións que foren necesarias para adecuar a configuración das unidades de igualdade ao previsto no presente real decreto efectuaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da súa publicación. As subsecretarías dos departamentos ministeriais afectados deberán promover, no dito prazo, as actuacións necesarias.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e o Acordo do Consello de Ministros, do 27 de abril de 2007, polo que se determinan os órganos directivos dos diferentes departamentos ministeriais que desenvolverán as funcións das unidades de igualdade previstas na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, quedará sen efectos.

Dado en Madrid o 12 de abril de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Igualdade,

CARMEN CALVO POYATO